



A Coruña, a 24 de abril de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO:ACTA N°9 TEMP 2022-2023.

Equipos participantes: C.W. Pontevedra B- C.M. Ferrol.

Competición:Liga Galega Waterpolo División Honra Feminina.

Data de celebración:15/04/2023.

FEITOS

. O día 18 de abril foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"Ao finalizar o encontro o adestrador local, D. E. García Ordóñez (n° lic.1021423) dirixese aos colexiados do seguinte xeito: «Sabes a qué vengo, ¿no?»; tras o cal acusa ao árbitro de aplicar con excesivo rigor a normativa. Malia explicarlle o colexiado os fundamentos da súa actuación, o Sr. García continua cualificándoo de cuadrículado e pouco didáctico (ao que o árbitro lle indica que non nos atopamos nun partido de categorías de formación). Tras isto, o adestrador ameaza ao colexiado nos seguintes termos: «Aplicas todo muy a "rajatabla" y te olvidas que todos podemos equivocarnos», ao que o árbitro respóndelle que, dado que é humano, conta con ter erros, como todo o mundo; continuando o adestrador local: «Claro, pues cuando eso te pase puede haber gente que se te eche encima. Yo no, porque no soy de ese tipo, pero puede haber». O colexiado preguntalle nese intre se debe interpretar iso como unha ameaza, ao que o Sr. García Ordóñez dille que «No, sólo te lo digo»; polo que o árbitro indícalle que para iso a normativa tamén prevé ferramentas a disposición do equipo arbitral. Finalmente, o adestrador respóndelle: «Sí, pero yo me refiero a herramientas "legales", que las hay, y te pueden ir encima». Nese intre os árbitros dan por remata a conversa e dispóñense a preparar o comezo do seguinte partido.".

- O día 19 de abril deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos relatados polo arbitro, se ben non motivan a expulsión nin ningunha outra decisión disciplinaria respecto ao adestrador, podense cualificar e encaixar por unha banda no art. 7. I.1.a "Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións" (infracción leve), toda vez que o que fai o adestrador e protestar a decisions arbitrais, mais tamen entendemos que no contexto das protestas, ademais de estas, o adestrador se dirixirse ao arbitro de maneira despreciativa ou inxuriosa (por exemplo tildandoo de "cuadrículado e pouco didáctico") o cal ten encaixe no apartado "e) Dirixirse aos xuíces, árbitro ou autoridades deportivas en termos ou actitudes inxuriosas, ou de menosprezo, sempre que a acción non constitúa falta mais grave", sen que poda

chegar a entenderse como infracción grave.

• **RESOLVE**

- Sancionar a D. E. García Ordóñez con número de licencia 1021423 adestrador do C.W. Pontevedra "B" cat. División de Honra Feminina con dous encontros de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN